



BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA PERSOAL NAUTA SANXENXO POR CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN.

Seleccionarase persoal para a xefatura dos servizos administrativos e contabilidade de Nauta Sanxenxo, o cal conformará unha bolsa de emprego o cal será chamado por orde de puntuación e en función das necesidades do servizo, de acordo coa proposta da Presidencia de Nauta Sanxenxo S.L. de data 15 de febreiro de 2023 e coas presentes bases.

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA E CONTRATO DE TRABAJO.

O obxecto da convocatoria é a selección de persoal para a creación dunha bolsa de emprego con validez ata a incorporación do titular do posto vacante. O persoal será chamado en función das necesidades da empresa Nauta Sanxenxo S.L. ata o reingreso do titular do posto.

As modalidades de vinculación contractual do persoal que se aplicarán á citada bolsa de emprego serán as seguintes:

Para a cobertura dos postos reservados ao persoal laboral de acordo coa normativa xurídica de dereito laboral no senso da reforma laboral aprobada polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro.

En consecuencia, co fin de establecer un procedemento baseado nos principios de igualdade, mérito e capacidade que asegure unha adecuada celeridade na selección, nomeamento e contratación do persoal en casos de urxencia e necesidade.

En todo caso, esta contratación estará supeditada ás limitacións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado e á existencia de consignación económica.

O tribunal propondrá a vista dos resultados do concurso-oposición unha Bolsa de Traballo coa finalidade referida anteriormente.

As tarefas do posto de traballo serán as seguintes:

- a) Xestión do sistema de contabilidade privada da sociedade de acordo co programa de contabilidade existente.
- b) Rexistro e control de facturas emitidas a clientes.
- c) Rexistro e control de facturas recibidas de provedores.
- d) Tamén se realizarán tarefas de soporte administrativo aos órganos de goberno da sociedade, en especial, ao Consello de Administración na redacción, elaboración e tramitación de actas do Consello e de acordos, sexan deste órgano colexiado ou da Presidencia da sociedade.
- e) Relacións cos usuarios e clientes da sociedade, en especial, os aspectos de fluxos e relacións económico-patrimoniais, en concreto, facturación.
- f) Soporte administrativo ao conxunto da estrutura da sociedade.

Para o desenrolo destas tarefas contables contarase co asesoramento xurídico e contable dunha empresa externa especializada e dos servizos de control interno do Concello en materia de inspección contable.





SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter 16 anos cumpridos e non exceder a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión da titulación en grado en administración e dirección de empresas o título superior ou equivalente.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño da función.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os servizos nesta empresa.

TERCEIRA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria, dirixiranse ao Sr. Presidente do Consello de Nauta Sanxenxo S.L., e presentaranse nas oficinas de Nauta Sanxenxo no porto deportivo Juan Carlos I, logo da publicación do anuncio no Diario de Pontevedra e da páxina web de Nauta, dende o luns 27 de febreiro ata o 3 de marzo de 2023 (ámbolos dous inclusive).

Na instancia que presente o aspirante deberá acompañar a seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do D.N.I.
- 2) Título de grado en Administración e Dirección de Empresas o titulación equivalente ou superior
- 3) Curriculum vitae extenso e detallado.
- 4) Dirección de correo electrónico/postal a efectos de notificacións.

CUARTO: SISTEMA DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES E CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

A selección do aspirantes de efectuará mediante concurso-oposición:

A. Fase de Concurso.

Na fase de concurso constará dunha entrevista persoal onde os aspirantes deberán de presentar acreditación documental de tódolos méritos que presenten segundo as seguintes indicacións:

- a) Experiencia en contabilidade, ata 5 puntos.
- b) Titulacións oficiais, diplomas, cursos en contabilidade pública ou privada, fiscalidade e materia relacionadas co sector público, ata un máximo de 5 puntos. Outorgarase a máxima puntuación a quen acredite un mínimo dunha titulación, diploma ou curso en contabilidade emitido por operador público ou privado. As puntuacións inferiores se outorgaran a aquelas





outras titulacións ou cursos que non sexan en contabilidade ou fiscalidade (relacionados co sector público) en proporción ao número de acreditacións que se presenten.

- c) Acreditación de coñecementos nas áreas de negocio da sociedade Nauta Sanxenxo (entre outras, xestión de aparcadoiros), ata 5 puntos. Se valorarán as experiencias acreditadas en empresas ou operadores públicos ou privados en xestión de calquera das áreas de negocio o similares que desenrole a mercantil Nauta Sanxenxo S.L. Outorgando a máxima puntuación a quen acredite un mínimo de vinte e cinco meses de experiencia. As puntuacións inferiores se outorgarán en proporción.

Unha vez avaliados os xustificantes documentais presentados polos aspirantes procederase a efectuar unha entrevista persoal en relación aos méritos presentados obxecto de avaliación segundo a puntuación anterior. Aos efectos outorgarase 5 puntos adicionais. Estes cinco puntos se outorgarán de forma xustificada polo tribunal dependendo dos seguintes criterios:

1. Pola superación dos mínimos da máxima puntuación dos apartados a) b) e c) ata dous puntos.
2. Pola experiencia obtida de acordo aos apartados a) b) c), e o contido, duración e calidade dos méritos mencionados e que se acrediten de acordo as preguntas efectuadas polo tribunal aos aspirantes e de maneira xustificada, ata tres puntos en ambas.

Nesta fase de concurso a experiencia en contabilidade poderase acreditar por calquera certificado emitido por operador público ou privado onde se acredite a experiencia en tarefas de contabilidade. Para iso outorgarase a máxima puntuación de cinco puntos a quen dispoña dun mínimo de vinte e cinco meses de experiencia, rateándose as fraccións inferiores de xeito proporcional.

B. Fase de Oposición.

Na fase de oposición efectuarase unha proba por escrito consistente en responder a un máximo de cincuenta preguntas tipo test ou items correspondente ao contido do programa (Anexo I), onde deberá sinalarse a resposta correcta de catro posibles (cada tres respostas incorrectas diminuirán un punto).

A puntuación final consistirá na suma da puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

O Tribunal establecerá a nota de corte para considerar superada a proba.

QUINTO: ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES

Aqueles aspirantes que por calquera motivo non aparecera na relación de admitidos, deberán presentarse o día da proba co xustificante orixinal conforme presentou en prazo e no rexistro válido a documentación requirida para participar na selección.





SEXTA: APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO E CHAMAMENTO

1. A proposta do tribunal cualificador, a presidencia do consello ditará resolución aprobando a creación da bolsa de emprego por orde de maior a menor puntuación. Esta resolución publicárase no taboleiro de anuncios e na páxina web de Nauta Sanxenxo para o coñecemento das persoas interesadas e demais efectos legais.
2. O nomeamento interino ou a contratación do persoal efectuarase segundo a orde de puntuación obtida na bolsa de emprego e ata que permaneza a causa que motiva o contrato e substitución.
3. No caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo a un sorteo público entre as persoas aspirantes empatadas, que serán convocadas para o efecto.
4. Chamárase ás persoas aspirantes activas pola orde que figura na bolsa de emprego.

SÉTIMA: VIXENCIA DA BOLSA

A bolsa de emprego estará vixente ata que permaneza a causa que motiva o contrato de substitución.

OITAVA: FUNCIONAMENTO DA BOLSA

Farase uso da bolsa de emprego de acordo ao orde de puntuación obtido para proveer o posto de traballo obxecto da convocatoria mestres duren as causas que motiven a substitución.

NOVENA: CONTRATACIÓN

A contratación do persoal realizarase mediante unha resolución presidencial e formalizárase no correspondente contrato.

DÉCIMA: CESAMENTO

Ao finalizar o contrato por causa voluntaria, despido xustificado de acordo coa normativa laboral ou ben por reincorporación do titular do posto.

UNDÉCIMA: RENUNCIA Á OFERTA DE TRABALLO

As persoas integrantes da bolsa de emprego que, ao seren convocadas para facer efectiva a súa contratación, non se presenten ou renuncien sen xustificación, pasarán o final da bolsa.

DUODÉCIMA: XESTIÓN DAS BOLSAS DE EMPREGO





1. A xestión da bolsa de emprego correspóndelle ao Consello de Administración de Nauta Sanxenxo S.L.
2. As contratacións que se teñan que realizar con persoal procedente da bolsa de emprego responderán ao motivo que motivou a substitución do titular do posto.

DÉCIMO TERCEIRA: NOTIFICACIÓNS E CONTROL DO ESTADO DAS LISTAS

Todas as notificacións que resulten necesarias relativas á presente bolsa de emprego realizaranse aos solicitantes por parte de Nauta Sanxenxo, S.L. a través do correo electrónico/postal designado a tal efecto na instancia.

En todo caso, todas as actuacións relacionadas co presente concurso serán publicadas na páxina web www.nautasanxenxo.com.

O estado das listas poderase consultar asemade na páxina web www.nautasanxenxo.com

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un ficheiro ca finalidade de selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición enviando comunicación a Nauta Sanxenxo, Puerto Deportivo Juan Carlos I, nº 12 - 36960 Sanxenxo – Galicia – España, ou o correo electrónico nauta@sanxenxo.org

Os interesados deberán autorizar expresamente a Nauta Sanxenxo a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios e na páxina web www.nautasanxenxo.com

DÉCIMO QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Estará integrado por :

PRESIDENTE : Jose Juan Vidal Vilanova

VOCAIS : Angela Pose Puga

María de los Ángeles Landín Iglesias

Actuando como secretaria D^a Teresa Amado Moldes





DÉCIMO SEXTA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

DECIMO SÉPTIMA. RÉXIME DE RECURSOS

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa. A presentación de reclamacións e/ou recursos non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida a Presidencia do Consello de Administración.

En Sanxenxo, a data da sinatura dixital.

O Presidente do Consello de Administración,

Telmo Martín González.





ANEXO I

PROGRAMA

- 1.- A Constitución Española de 1978. Principios e fundamentos.
- 2.- Servizos públicos e actividade económica nas entidades públicas.
- 3.- As sociedades mercantís locais, características e réxime xurídico.
- 4.- Principios reitores da contabilidade pública.
- 5.- Principios e fundamentos da contabilidade privada.
- 6.- Réxime xurídico portuario: fundamentos
- 7.- Dereito público orzamentario e financeiro.
- 8.- A gobernanza. Unión Europea, Estado e Comunidades Autónomas.
- 9.- Réxime do persoal ao servizo do sector público.
- 10.- Principios reitores da contratación pública.

